

A felicidade, ese sentimento alcanzable

Son moitos os esforzos que se invisten en mellorar o rendemento académico dos nosos alumnos. Non hai máis que ver os cambios experimentados nos últimos anos: novos recursos dixitais, impulso á competencia plurilingüe, apertura dos centros educativos fóra do horario escolar... Tamén mudou a familia, hoxe con maior nivel cultural e, en moitos casos, con máis capacidade económica para arrodear os seus fillos do necesario e, en demasiadas ocasións, do superfluo.

Aínda así, no medio desta abundancia non é difícil atopar algún caso de soidade, frustración e falta de interese por case todo. Unha realidade que debería levarnos a pensar se a felicidade dos nosos nenos e mozos ten algo que ver co acceso a máis e mellores recursos, e se non lle deberíamos dar maior protagonismo á formación afectiva na escola e na casa. Acaso o fin último da educación non está en conseguir que as persoas acaden a maior dita posible?, e se iso é así, estimulamos nos nosos nenos e nenas a capacidade para ser felices?

Sen caer en pesimismo que nos separan do verdadeiro camiño de mellora e progreso, creo que é necesario facerlle fronte á realidade e rescatar do fastío un pequeno sector da infancia e da xuventude que aínda non descubriu a alegría de vivir. A clave talvez estea en descubrir o que cadaquén posúe no máis íntimo de si mesmo. Algúns conseguen que aflore e impregnan de cor a súa existencia, outros nin sequera chegan a descubri-lo e menos a cultivalo. Falo de emocións, de sentimentos, de sensibilidade... Algo no que hai que educar dende o berce e, mesmo, dende antes de que a criatura vexa a luz por primeira vez.

O ser humano debe fornecerse de sentimentos positivos, pero un só aprende a querer-se e a respectar os outros, cando se sente querido e respectado, de aí que a escola deba enchoupar o día a día de afectos e boa convivencia.

Tampouco deberíamos esquecer a contribución das artes á formación das persoas. Vivir a música, gozar coa creación plástica e emocionarse coas posibilidades que o corpo posúe para expresarse e crear, son habilidades que humanizan e, polo tanto, deberían ocupar un lugar destacado nas prácticas escolares.

A arte é un valor para sentilo persoalmente e vivilo en comunidade, pola paz que provoca e os sentimentos positivos que suscita; e está presente na vida, non só nos museos, nos teatros ou nos auditorios. Máis ben, para chegar a apreciar as manifestacións artísticas que se exhiben nestes recintos, cómpre aprender a contemplala na paisaxe de cada día, para que calquera atentado contra a beleza sexa rexeitado sen atenuantes.

O mundo enfróntase hoxe a problemas de grande envergadura, como consumismo, deterioración do medio, marxinação, violencia, pobreza ou desigualdades sociais. A situación reclama unha cidadanía intelixente e sensible para cambialo e facelo máis habitable, e relegar a educación dos sentimentos a un segundo plano pode levarnos á formación de seres humanos de cabeza grande e corazón pequeno.

Gena Borrajo

Directora de Eduga

sumario

1		editorial
2		axenda
5		foro <ul style="list-style-type: none">_ Conservación e restauración de bens culturais en Galicia <i>Adelaida Lorenzo Sueiro</i>_ 120 anos de deseño: pasado, presente e futuro <i>Ángel M. Lázaro Sastre</i>_ A restauración invisible <i>Ana Villarquide Jevenosi</i>
10		nomes propios <ul style="list-style-type: none">_ Isaac Díaz Pardo
17		opinión <ul style="list-style-type: none">_ Ensinanzas artísticas
32		a catro bandas
38		actualidade <ul style="list-style-type: none">_ Galicia_ España_ Europa - <i>Emilia Seoane Pérez</i>_ Internacional
58		entrevista <ul style="list-style-type: none">_ Víctor Pablo Pérez
66		a nosa escola <p><i>Anxo S. Porto Ucha</i> <i>José Luís Iglesias Salvado</i></p>
73		experiencias <ul style="list-style-type: none">_ Velázquez visita a escola infantil <i>Grupo de traballo Mandorla</i>_ Día Escolar pola Paz <i>M.ª Jesús Yebra Folgueral</i>_ Liñas dinámicas de traballo dunha escola de Arte <i>Ángel Manuel Lázaro</i>
82		investigación <ul style="list-style-type: none">_ Como aprende o alumnado. Efectos sobre o seu rendemento <i>Humberto Morán Fraga</i> <i>Alfonso Barca Lozano</i> <i>Ana María Porto Rioboo</i>
90		que é <ul style="list-style-type: none">_ Centro Galego de Arte Contemporánea
92		mediateca
97		lexislación